

# MEMORIA PIALE CANADÁ 2016

Lola Muiños Nodar

## Aspectos destacables da organización do sistema educativo canadense

O sistema educativo canadense, con carácter xeral, ten as seguintes etapas:

- Elementary school-Kindergarten
- Elementary school-Primary: ata grao 8
- High school-Secondary: graos 9, 10, 11, 12
- College: en xeral dous cursos
- Universidade: media de 4 cursos

O alumnado de Secundaria en Ontario ten que superar un total de trinta créditos, divididos do seguinte xeito:

- 18 créditos obrigatorios
- 12 créditos voluntarios, a elixir entre diferentes optativas segundo os seus particulares intereses e orientacións profesionais. Van elaborando o seu itinerario dende o primeiro curso de secundaria.

Ademais teñen que acreditar a realización de polo menos corenta horas de desenvolvemento comunitario, que veñen sendo como horas de voluntariado social.

Para acceder á universidade e, dependendo de cada universidade, precisan ter superados unha determinada porcentaxe dos créditos totais.

O profesorado do centro que me asignaron, o Nepean High School, ten horario de mañá, de 8:45 a 15:15. Este horario podería favorecer a coordinación entre o profesorado, pero na práctica non me pareceu que fose así, posto que cadaquén andaba ocupado preparando as súas propias materias. Dentro do horario teñen unha hora para o almorzo e outra para preparación de clases, aínda que nesta hora algún día deben que facer gardas de clase e substituír a algún profesor que falta, cando así se lles comunica.

Os horarios do alumnado constan de dúas sesións antes do almorzo e outras dúas despois do almorzo.

As clases son de 75 minutos de duración, suficientes para realizar distintas actividades durante cada sesión, para traballar por proxectos e para que o alumnado poida expoñer os seus traballos.

En canto ás materias, o alumnado elixe catro por cuadrimestre, o cal evita a dispersión que temos nos con tantas asignaturas. Tamén ten unha parte negativa: unha materia instrumental como as matemáticas que cursen por exemplo no primeiro trimestre, non a

volver a cursar ata o primeiro trimestre do curso seguinte, o cal pode supoñer que se esquezan totalmente do estudado.

En liñas xerais o sistema canadense non é moi diferente do noso. A maior diferenza está na idade na que o alumnado accede á Secundaria, que consta só de catro cursos, equivalentes aos nosos terceiro, cuarto de ESO e primeiro e segundo de Bacharelato.

A FP en Canadá é ensino posterior á Secundaria, o mesmo que ocorre na maioría dos países europeos.

Tamén destacaría a importancia que se lle dá aos contidos extracurriculares, o que se reflicta por exemplo nesas horas de desenvolvemento comunitario e nas actividades dos clubs e dos equipos deportivos dos institutos; son elementos educativos e tamén de cohesión.

## **Aspectos destacables da organización dos centros canadenses**

O centro educativo no que me “integrei” é un centro de secundaria. Está situado nunha área na que predominan os profesionais de clase media alta, o cal se reflicta no alumnado do instituto, cun bo nivel cultural e cunha forte presión familiar para a obtención de bos resultados académicos. Tamén teñen moitas actividades extraescolares.

O Persoal do centro distribúese así:

- Profesorado: arredor de 68
- Departamento de orientación: 6
- Equipo directivo: 3 (Director e dous vicedirectores)
- Persoal administrativo: 3 (ningún docente)
- Biblioteca: 1 técnico e un profesor, que se ocupa so de coordinar as tarefas lectivas que se desenvolven na Biblioteca e tamén imparte algunha clase sobre literatura e sobre o uso da bibliote
- Contan coa presenza dun psicólogo e dun enfermeiro unhas horas á semana.

É destacable a profesionalización das funcións directivas, xa que os membros dos equipos non teñen docencia e cando acadan este rango xa dificilmente volverán a exercer como docentes.

## Aspectos metodolóxicos destacables

A metodoloxía é diferente segundo o profesor que imparte as materias e segundo tamén o tipo de materia de que se trate. A clase de Contabilidade non é moi diferente dunha clase tradicional nosa. A clase de Economía é máis innovadora, comezando sempre cunha noticia de prensa ou un vídeo, como fonte para un pequeno debate de actualidade; despois dunha pequena (moi pequena) introdución á materia son os alumnos e alumnas os que buscan información, que logo expoñen en grupo ou individualmente.

En xeral foméntase a participación do alumnado, a través de debates, traballos, presentacións e xogos. Tamén se fomenta o traballo de investigación do alumnado e as exposicións orais, empregando tanto a propia aula como a biblioteca do instituto para as mesmas. É un dos aspectos máis positivos que observo no sistema, que se acostuma ao alumnado a buscar e organizar a información e a presentar en público, dando moita importancia na avaliación a estes aspectos.

É importante resaltar este aspecto, e facer notar que esta metodoloxía require tempo, o que vai en detrimento dos contidos, porque nin os horarios nin os calendarios son moi diferentes dos que temos en Galicia.

No ambiente xeral do centro predomina o silencio, tanto nas aulas coma nos corredores e tanto nas horas de clase coma nas transicións entre clase e clase e mesmo na hora do almorzo. Tampouco puiden observar moitos conflitos nas aulas; pero é certo que me pareceu que o profesorado é moi tolerante e algún alumnado parece que non se esforza moito no traballo. O alumnado está tanto ou máis enganchados ao móbil coma os nosos, e úsano na clase case con toda liberdade, supostamente para traballar, pero pódese ver claramente que en moitos casos o que están é enredando con el.

Habería que comparar con outros centros de outros entornos socioeconómicos para poder chegar a algunha conclusión sobre o comportamento do alumnado, pero é certo que tamén en xeral na rúa, nos autobuses e nos lugares públicos a xente é moito máis silenciosa que no noso país e extraemadamente educada, respectuosa e tolerante. E isto ocorre nun país cheo de diferenzas étnicas e culturais.